

C

Compostela  
Cultura  
Artes visuais

18 FEB. - 12 ABR. | 2025

Zona C • Punto de Información Cultural

Javier Martín, artes vivas

Sergio Meijide, comisariado

BEL  
TENE  
BROS

OBXECTOS  
COREOGRÁFICOS

  
CONCELLO DE  
SANTIAGO

  
CONSORCIO DE  
SANTIAGO

Enmarcada na mitoloxía do belo tenebroso, unha figura que percorre a literatura occidental dende o Amadís de Gaula até as reimaxinacións máis recentes de Julien Gracq ou Pier Paolo Pasolini, *Beltenebros: obxectos coreográficos* preséntase como unha viaxe a través do universo de Javier Martín. O punto de partida son os materiais preparatorios da súa recente obra escénica *Beltenebros*, presentada o pasado 24 de xaneiro no Teatro Colón (A Coruña) e concibida en paralelo a este proxecto expositivo. Se do que se trataba naquel caso era de corporeizar unha longa investigación sobre como algunhas tecnoloxías somáticas do pasado (os exvotos) nos poden axudar a elaborar a nosa subxectividade nos tempos do turbocapitalismo, a formalización expositiva deste mesmo proceso recalou nunha presentación obxectual na que o corpo do artista, o seu principal medio de expresión, non está presente. Este paradoxo é o que habilita que a exhibición dalgúns dos materiais preparativos da obra escénica alumee un resultado diferente ao fin para o que foron creados, permitindo que sexa a dimensión escultórica dos obxectos a que artelle unha reflexión ampla sobre as complexas relacións entre arte, corpo e pensamento. A pregunta que nos fixemos cando comezamos este proxecto foi a de como trasladar un traballo coreográfico e escénico ao marco da exposición temporal, e esta é unha resposta entre moitas: comprendendo que traducir é transformar. Fronte á distancia implicada na forma escénica, a posibilidade de achegarse ás ferramentas do artista permite outras texturas, outras materialidades. Non se trata de demostrar a condición aurática do atrezzo, senón de tensar os signos que percorren o proceso para facer partícipe ao público dun traballo íntimo que busca desfundar a pantasma biográfica. Neste senso, esta exposición aspira a reencantar a que fora a antiga casa do concello, a transformala nun limiar entre o necesario e o posible, nun espazo onde o proxecto se revele como un traxecto sen obxectivo pechado. En definitiva, *Beltenebros: obxectos coreográficos* é unha invitación á reflexión pausada e atenta sobre os procesos e as investigacións dun artista do movemento, sobre as potencias dos obxectos que fan parte das coreografías e sobre a presenza dos corpos na súa ausencia. Tamén unha demostración de que as artes, como os sonhos, pensan porque non pensan, e así iluminan outras formas de atender ás complexidades da vida.

Sergio Meijide, comisario

---

O comisario e o artista queren mostrar o seu agradecemento á Cerería Sacristán y Giesta, a Fernando Valenzuela, ao Museo das Peregrinacións de Santiago e a todas as persoas que decidiron prestarlles os seus corpos en forma de radiografía.


## PRIMEIRA PLANTA

### Sala A

Neste primeiro espazo atopamos algúns dos materiais preparatorios da obra *Beltenebros*, como bocetos, maniquís, exvotos, radiografías e incluso algún dos folletos que foron entregados durante a súa presentación. Máis aló de acompañar á obra escénica, *Beltenebros: obxectos coreográficos* céntrase no seu proceso, polo que non é necesario vela previamente para poder entender o que aquí se presenta. Podemos pensar esta habitación como unha reprodución do espazo de traballo do artista. Se a exposición é unha viaxe, este é o punto de partida.

### Sala B

A corda é unha das ferramentas máis importantes no traballo escénico; tamén na obra de Javier Martín. Neste segundo espazo atopamos unha instalación que reelabora algún dos elementos empregados en *Beltenebros*, como o macabro xogo do aforcado que ten lugar durante a peza. Xunto á larga corda atópanse esportas con exvotos de cera; tamén radiografías, que non son outra cousa que metáforas do corpo enfermo ou exvotos contemporáneos. Dalgún xeito, os elementos deste espazo están a desenvolver o imaxinario da primeira estancia, predispoñendo os nosos corpos para unha danza macabra que relance a pregunta pola atención e a subxectividade nas sociedades contemporáneas.



## SEGUNDA PLANTA


### Sala A

*Neguentropía* (2022). Videoperformance realizada por Javier Martín. Fotografía de Leo López, sonido de Adolfo García a partir de rexistros do interior do corpo, produción de Sabela Mendoza e acompañamento de Nuria Sotelo e Rubén Vilanova (A Casa Vella).  
Duración: 37.18 minutos

O video *Neguentropía* foi realizado nos bosques de Amiadoso (Allariz) como parte do proceso creativo de *El punto impropio* (2023), a obra inmediatamente anterior a *Beltenebros*. Que este video ocupe o terceiro espazo permítenos comprender que o traballo creativo é sempre recursivo, e como as pezas e os materiais xa realizados poden rimar e influenciar aos que aparecerán despois. No traballo de Javier Martín é moi habitual que elementos escenográficos de obras anteriores volvan a aparecer dun xeito diferente nas seguintes, algo que evidencia a condición elíptica das súas investigacións sobre o corpo e o movemento.

### Sala B

Os exvotos son ofrendas votivas que existen en diferentes culturas e son empregadas para expresar agradecemento á divinidad por un favor realizado. Javier Martín leva anos empregando estes obxectos nos seus traballos escénicos, chegando a ocupar un lugar central en *Beltenebros*. Se entendemos estas pequenas pezas de cera ou de madeira como tecnoloxías somáticas coas que as persoas elaboraban a súa subxectividade, o exercicio de activación proposto polo artista pode permitírnos reactualizar as súas potencias para curar os nosos corpos enfermos de falsa singularidade. Tanto o conxunto que pode contemplarse á esquerda (tratado de 'retablo' polo propio artista) como o mallo coa cabeza que se atopan de fronte son elementos fundamentais na obra. Rematar a exposición con eles implica unha sorte de presentación de resultados, pero non tanto o final dun camiño como o inicio de moitos outros.



**Javier Martín** baila. Combina a creación coreográfica e performativa coa escritura, a práctica de laboratorios e conferencias. Dende un enfoque epistemolóxico e crítico, investiga as artes do movemento, activando unha somateca: a imaxinación e o arquivo corporal de enfoques cinéticos diversos. Compón texturas de movemento, materia vibrante, como dinámica para intervir e facer conscientes os procesos de subxectiva- ción, interesado en destilar como se acumula a inercia nos nosos corpos. Sostén que a danza, como tecnoloxía da conciencia, é unha forma de elaborar o animal que somos.

Dende os seus inicios creou e presentou máis de 30 obras como 'beltenebros' (2025), 'el punto impropio A/S/V' (2023), 'Figuras del limiar' (2021), 'Teorema' (2020), 'SOMA' (2019) ou 'método negro' (2018), bailando en España, Francia, Portugal, Rusia, Ucraí- na, México, Uruguai, Guatemala, Colombia e Tailandia. As súas coreografías contan co consorcio público-privado de diferentes Institucións e Centros Culturais. Con formación científica —Química Cuántica e Belas Artes— e un interese particular pola filosofía, aborda a danza dende unha perspectiva transdisciplinar en relación con diferentes artistas —como Oleg Karavaychuk, Vertixe Sonora, Ana Vallés, Octavio Más, Sabela Mendoza, Haruna Takebe ou Tono Mejuto—, abrindo moitas veces os seus procesos á comunidade, na procura dun corpo expandido ou ácrata, a través de grupos de inves- tigación participados por múltiples profesionais, o acompañamento de itinerarios for- mativos en diversas Universidades —como Medicina, Arquitectura, Socioloxía...— ou o desenvolvemento de seminarios e ponencias en encontros e congresos.

**Sergio Meijide Casas** é doutor en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela, onde impartiu docencia cun contrato FPU entre 2019 e 2023. É au- tor de numerosas publicacións académicas en revistas de alto impacto, participou e organizou congresos e seminarios nacionais e internacionais e realizou estadias de investigación en centros académicos de prestixio, como a École des hautes études en sciences sociales de París, a Leeds Beckett University ou a Universidade do Porto. É co-editor de *Ruinas y descampados. Contrahistoria del paisaje, 1* (Abada, 2024), xunto a Federico L. Silvestre. Actualmente vive entre París e Santiago de Compostela, colabora co Departamento de Arquitectura do Centre Pompidou e prepara o seu pri- meiro libro monográfico sobre o filósofo francés Jean-François Lyotard. Recentemente gañou a VII edición do premio CGAC de ensaio co manuscrito *Parlamentos de xeo*.



# Compostela Cultura Artes visuais

## ENCONTRO E CONVERSAS

Como parte da súa vocación experimental e procesual, esta exposición será activada a través dos seguintes encontros e conversas, de asistencia libre e de balde, no terceiro andar da Zona C:

- Sábado 1 de marzo, 12.00 h. Paseo comentado pola exposición coa pianista Haruna Takebe e a performer Masako Hattori, colaboradoras da obra escénica *Beltenebros*.
- Sábado 15 de marzo, 12.00 h. Encontro con Victoria Pérez Royo, profesora de Estética e Teoría da Arte na Universidade de Zaragoza.
- Sábado 22 de marzo, 12.00 h. Conversa entre Javier Martín e Gena Baamonde, dramaturga e investigadora, a partir do libro *Materia resonante*.
- Sábado 5 de abril, 12.00 h. Conferencia 'Cara unha metamorfose somática' de Sergio Meijide Casas, comisario da exposición.



compostelacultura.gal  
CompostelaCultura  
CCultura  
compostelacultura  
CompostelaCulturaTV

Preguntoiro, nº 1  
(Praza de Cervantes)  
De martes a sábado:  
11.00 - 14.00 | 16.00 - 19.00 h  
ACCESO LIBRE E DE BALDE

